

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A CISTERCIENSE ORDEN SANTA MARÍA DE SOBRADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS PARA A CONSERVACIÓN DO CLAUSTRO GRANDE DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE SOBRADO. SOBRADO (A CORUÑA).

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D. Carlos Gutiérrez Cuartango, actuando en representación da Cisterciense Orden Santa María de Sobrado do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña), da Estricta Observancia (Trapenses), en virtude da súa condición de Prior Titular, en base á súa elección o 25 de novembro de 2003, que lle confire a representación legal da súa comunidade para calquera acto ou contrato con plena potestade como administrador.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo:

Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir



convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro:

O mosteiro de santa María de Sobrado dos Monxes foi declarado ben de interese cultural con categoría de monumento polo Decreto do 3 de xuño de 1931 (GAC 04.06.1931) e dende o ano 2015 está incluído na declaración de Patrimonio da Humanidade como parte do Camiño de Santiago do Norte Peninsular. Ademais o mosteiro está incluído no catálogo das Normas Subsidiarias Provinciais.

A entrada ao mosteiro faise a través da Ponte do Arco no que se situaba a Casa das Audiencias e a continuación atópase o espazo da Vía Sacra que percorrían os peregrinos ata o acceso ao mosteiro e no que se encontra a igrexa parroquial de San Pedro da Porta.

A edificación da entrada corresponde ao claustro de Hospedaría ou dos Peregrinos formando ángulo coa fachada da igrexa do mosteiro que queda á esquerda. Neste corpo estaban as cabalarías e a hospedaría dos peregrinos. A través da Hospedaría accédese ao claustro dos Medallóns ou das Procesións que ten tamén unha entrada lateral á igrexa. O terceiro claustro é o claustro Grande ou de san Pedro de Mezonzo finalizado no 1753, que ten un carácter máis privado cun cruceiro e unha fonte no medio do claustro.

A Igrexa de Sobrado ten planta de cruz latina de tres naves no eixo central e unha transversal no cruceiro cun presbiterio ou capela Maior de forma rectangular sen retablo. A igrexa segue a traza medieval cisterciense que foi derrubada en 1620 e que foi construída cunha nova traza entre 1630 e os primeiros anos do século XVIII, cunha orde composta con entaboamento de modillóns e metopas. As tres naves están separadas por piastras compostas nas que apoian grandes arcos de medio punto que separan as bóvedas das naves.

A nave central, máis elevada e de maiores dimensións que as laterais, está cuberta con bóveda de medio canón sobre arcos faxóns decorados con cadrados que van marcando tramos con lunetos e fiestras circulares e abucinadas. A Pedro de Monteagudo atribúese a construción da igrexa e fachada barroca. É unha fachada moi singular, composta por un corpo central e dous laterais con dúas torres octogonais na parte superior onde se atopan as campás. Na parte superior da porta da entrada, presenta unha fornela cun frontón partido, coa virxe da Asunción entre dúas columnas compostas.

A capela medieval de san Xoan, xunto cos restos da cociña, antiga sancristía e sala Capitular, son dos poucos restos cistercienses que permanecen da antiga igrexa medieval (s XII). A capela do Rosario (s XVII) e a sancristía (s XVI), barroca e renacentista respectivamente, atribúense a Domingo de Andrade e Juan de Herrera.



Difundida por toda a Europa cristiá desde a abadía de Claraval no nordés de Francia, e propagada a principios do século XII por san Bernardo, o auxo da Orde do Císter foi rapidísimo e extraordinario. O mosteiro de Sobrado dos Monxes, abandonado en 1060, afiliouse á nova orde en 1142 baixo a advocación a santa María. Desde entón ata os nosos días sucedéronse períodos de esplendor, preeminencia, ampliación, declive, reforma e abandono, todos eles definitorios dun proceso edificatorio que resultou nun importante conxunto monástico.

Cuarto:

O mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes é un elemento significativo do patrimonio cultural galego e español, situado nunha zona rural do interior que ademais forma parte do Camiño de Santiago do Norte, recentemente recoñecido como Ben Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Perséguese aumentar o atractivo deste ben cultural pertencente ao patrimonio mundial, potenciando o seu interese público e a súa función e significación como fito cultural relevante dun amplo territorio e do itinerario cultural histórico.

A principal necesidade a satisfacer é mellorar a conservación do monumento focalizado nestas dúas zonas:

1. Claustro grande.

Cómpre dotar á cuberta da impermeabilidade necesaria para garantir a permanencia e conservación das fábricas e mellorar as condicións de uso. Tamén cómpre resolver os problemas estruturais do soporte da cuberta.

É preciso mellorar as condicións de conservación das fachadas interiores do claustro grande

A intervención permitirá abrir o acceso público ao claustro grande do mosteiro, ampliando a zona visitable e recuperando a circulación a través da antiga sancristía románica.

2. Fachada de acceso ao claustro de hospedaxe.

Preténdese mellorar as condicións de conservación da fachada eliminando os problemas de humidade que causan a principal patoloxía.

En definitiva, fomentar e contribuír á debida conservación e mantemento do ben de interese cultural, utilizándoo como un recurso activo no desenvolvemento local nunha zona rural afectada pola perda de poboación. Isto é, a partir de promover e conservar os usos existentes, permitindo a súa ampliación e a implantación de usos novos, mellorar a súa capacidade como recurso cultural e de turismo sustentable.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS

As principais actuacións a levar a cabo serán as seguintes:



1. Claustro grande.

Execución de reforzo, mediante tirantes, da estrutura primaria da cuberta da panda norte

Recuperación da xeometría orixinal das cubertas da panda este suprimindo o casetón do ascensor.

Execución das cubertas do claustro por pandas, para optimizar os medios auxiliares, incluíndo a evacuación de augas pluviais mediante canlóns, baixantes e no caso das fachadas interiores ademais a rede horizontal de evacuación.

Posta en valor dos restos da sancristía románica, que está situada entre o claustro dos medallóns e o claustro grande.

Limpeza das fachadas interiores do claustro.

Restauración da planta baixa da panda norte do claustro coa substitución dos enfoscados e do pavimento así como a renovación da instalación eléctrica e iluminación.

2. Fachada de acceso ao claustro de hospedaxe.

Execución da rede horizontal de evacuación das augas pluviais da fachada e de drenaxe da fachada de acceso ao mosteiro.

Limpeza da fachada con colocación de canlóns e baixantes.

Substitución da carpintería de aluminio de portas e ventás por outras de madeira, incluso a restauración dos enreixados existentes.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Cisterciense Orden Santa María de Sobrado do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña), para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de conservación do Claustro Grande do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña).**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras de intervención previstas, están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo “Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego”.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades



A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de conservación do Claustro Grande do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña), con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

Terceira.- Obrigas da Cisterciense Orden Santa María de Sobrado do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña)

Pola súa banda, a Cisterciense Orden Santa María de Sobrado do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña), comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por:

1. Dous (2) representantes da Xunta de Galicia
2. Dous (2) representante da Cisterciense Orden Santa María de Sobrado do Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña)

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a finalización das obras obxecto do mesmo, prevista para o 31 de marzo de 2024 e, en todo caso, ata a finalización da intervención.



En todo caso, a duración máxima prevista non poderá ser superior aos catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior, de acordo co artigo 49 apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.



O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,

O Prior do Mosteiro de Santa María
de Sobrado (A Coruña)

Román Rodríguez González

Carlos Gutiérrez Cuartango

